



REDE DE MUSEOS
CONCELLO DE VIGO

CONCELLO
DE VIGO



2017
Maio
18

Programación especial do 18 ao 21 de maio

DÍA INTERNACIONAL DOS MUSEOS

MUSEOS E HISTORIAS CONTROVERTIDAS.
DICIR O INDICIBLE EN MUSEOS

ICOM international
council
of museums

www.imd.icom.museum



www.facebook.com/internationalmuseumday



@ICOMofficial

Desde 1977 o ICOM (Consello Internacional de Museos) elixe cada ano un tema para el Día Internacional dos Museos, o día 18 de maio, cuxo obxectivo é compartir as preocupacións da comunidade museística coa sociedade.

Este ano o evento xira arredor do tema “Museos e historias controvertidas: Dicar o indicible en museos” que ten como obxectivo narrar historias dolorosas e traumáticas, a miúdo descoñecidas ou mal coñecidas, pero que teñen un eco universal e nos concirnen e incumben a cada un de nós. Aceptar un pasado doloroso constitúe un primeiro paso para contemplar un porvir común baixo o signo da reconciliación.

Para este ano o Concello de Vigo a través da súa Rede de Museos Municipais, ten preparado un programa que vai incidir na temática do DIM 2017 a través de 5 historias ambientadas nos propios espazos museísticos que conforman a rede.

máis info: www.vigocultura.org

CASA DAS ARTES

1.- HORARIO ESPECIAL DE APERTURA

17:00 h - 22:00 h

2.- ACTIVIDADES (primeira planta)

- Paneis informativos visitables do 18 ao 21 de maio: **REPÚBLICA E DITADURA**

A Casa das Artes foi sede do Banco de España en 1943. O proxecto de construción desta sucursal iniciase na II República pero a guerra trunca os plans e co novo réxime introdúcense cambios que afectan incluso á ornamentación da súa fachada, na que ata 2010 podía verse o escudo preconstitucional e a seguinte inscrición “Año de la Victoria” e “Anno Domini MCMXXXIX”. O réxime franquista en Vigo centrará a actividade neste centro.

Un edificio proxectado coa República e construído coa Ditadura nos dará pé para introducir o tema da Guerra Civil Española na cidade e as súas consecuencias.

- Visita guiada: sábado 20 de maio, ás 19:30 h., para público presente en sala. Duración: 30 minutos.

- Concerto musical: sábado 20 de maio ás 20:00 h (duración: 20 m)

Programa agridoce que fala da oportunidade perdida, da nostalxia e da esperanza tinguida de tristura.

Intérpretes:

Patricia Túñez Gómez: Violín

Iria Pérez Gregorio: Violín

Lucía Molina Alvar: Viola

Pedro Fernández Martínez: Cello

Programa:

Oblivion Piazzolla

Por unha cabeza de Gardel

Adagio de Barber

Ángel de Piazzolla

Secret Garden (Arranxo)

Entrada libre ata completar capacidade

CASA GALEGA DA CULTURA

1.- HORARIO ESPECIAL DE APERTURA

17:00 h - 22:00 h

2.- ACTIVIDADES

- Paneis informativos visitables do 18 ao 21 de maio: **XÉNESE DA CIDADE INDUSTRIAL**

A Casa Galega da Cultura acupa o que foi a primeira Casa do Concello de Vigo. O edificio tal e como hoxe o coñecemos reconstruíuse entre o 1860 e o 1862 xa que en 1851 o antigo Concello sufriu un incendio. Na actividade lembrarase este feito que fixo que se perdera parte do arquivo da cidade. Asemade falarase de como os traballadores municipais e representantes da cidade naqueles anos do século XIX tiveron que convivir con outros inquilinos que ocupaban parte do edificio.

Este acontecemento nos introducirá na formación da cidade contemporánea durante o século XIX pilotada pola burguesía nacida da conserva e que a converteu no periodo 1880-1936 na primeira cidade industrial de Galicia.

- Visita guiada: venres 19 de maio, ás 19:30 h, para público presente en sala. Duración: 30 minutos

- Concerto musical: venres 19 de maio ás 20:00 h (duración: 20 m)

A actividade industrial permitiu novas formas de produción, capacidades e técnicas. Con estes eslementos chegaron novos sons e escoitas que cambiaron a música. Neste concerto traballaremos con formas contemporáneas a modo de complemento da actividade. Interpretaremos, entre outras, obras de Juan Eiras, compositor Vigués de gran prestixio, da man de Adrian Pais e Mila García.

Intérpretes:

Adrian Pais: Saxo

Mila García: Cello

Programa:

Prelúdio aos Cantos da Maré de Juan Eiras

Sonata para saxofón e chelo de Edison Denisov

Entrada libre ata completar capacidade

VERBUM – CASA DAS PALABRAS

1.- HORARIO ESPECIAL DE APERTURA

17:00 h - 22:00 h

2.- ACTIVIDADES

- Paneis informativos visitables do 18 ao 21 de maio: **CONQUISTA E IMPERIO**

Partindo da exposición que ocupa na actualidade o museo, “Emporium”, o tema no que se centrará a actividade do DIM será a Guerra e o Imperialismo. No século III a.C., Roma, inicia a conquista da Península Ibérica dentro da súa política de expansión militar para o control do mediterráneo e das súas rutas comerciais. Falarase do proceso de romanización en Galicia e das consecuencias que o colonialismo tivo na nosa zona.

- Visita guiada: sábado 20 de maio, ás 12:30 h, para público presente en sala. Duración: 30 minutos

- Concerto musical: sábado 20 de maio ás 13:00 h (duración: 20 m)

A conquista Romana da península Ibérica Proposta e a importancia do Vigo romanizado no conxunto da Gallaecia marca a temática desta acción. Con este motivo propoñemos un concerto no que traballaremos coa percusión, ritmos marciais de conquista, tambores de guerra, sons rítmicos e primarios cos que poñer música a este proceso de choque entre culturas.

Intérprete:

David Alonso Cid: Percusión

Programa:

Dance of the knights. S. Prokofiev (arr.: Eric Sammut)

American suite, II mov. Guy G. Gauthreaux

Canned Heat, Eckhard Kopetzki

Taiko, James Campbell

Pasion segun San Juan: Christus, der uns selig macht, J. S. Bach

Entrada libre ata completar capacidade

PINACOTECA FRANCISCO FERNÁNDEZ DEL RIEGO

1.- HORARIO ESPECIAL DE APERTURA

17:00 h - 22:00 h

2.- ACTIVIDADES

- Paneis informativos visitables do 18 ao 21 de maio: **GUERRA POR UNHA COROA**

A pinacoteca ocupa a Casa de Diego Arias Taboada, Mestre de Campo e gobernador de Vigo. Este foi o encargado da defensa de Vigo e os seus castelos ante a invasión do exército portugués que se acuartelou en Bouzas en 1665. O tema no que se centrará a actividade do DIM neste museo serán os episodios da Guerra de Restauración en Vigo que fixeron que se convertira nunha cidade amurallada facendo fincapé na defensa da praza por Arias Taboada trala invasión portuguesa da comarca de Vigo.

- Visita guiada: xoves 18 de maio, ás 19:30 h, para público presente en sala. Duración: 30 minutos

- Concerto musical: xoves 18 de maio ás 20:00 h (duración: 20 m)

Programa baseado na música do Barroco, interpretando obras deste estilo en formato de cuarteto de corda.

Intérpretes:

Iria Pérez Gregorio: Violín

Nuria Buceta Guimarey: Violín

Lucía Molina Alvar: Viola

Pedro Fernández Martínez: Cello

Programa:

Concierto de Brandemburgo de Bach

Concerto Grosso de Corelli

2º mov. inverno de Vivaldi

MUSEO MUNICIPAL “QUIÑONES DE LEÓN”

1.- HORARIO ESPECIAL DE APERTURA

17:00 h - 22:00 h (ademais do habitual de 10:00 h -14:00 h)

2.- ACTIVIDADES

- Paneis informativos visitables do 18 ao 21 de maio: **UN PAZO E UN LEGADO: ALCEDO E POLICARPO**

Os eixos temáticos da actividade do DIM neste museo serán dous. O primeiro o legado Policarpo Sanz. Falarase da longa viaxe que fixo a colección doada en 1888 e os problemas do seu traslado. O outro será o proceso de doazón do pazo e finca de Castrelos polo último propietario, o marqués de Alcedo, doazón que non foi tal xa que o concello tivo que desembolsar 125.000 das antigas pesetas á usufructuaria do pazo, Mariana Whyte, e así convertela no espacio público que é hoxe en 1934.

Estos dous acontecementos serven de marco para narrar una historia na que se mixturan mortes, negociacións, guerra civil, emigración.

- Visita guiada: domingo 21 de maio, ás 12:30 h, para público presente en sala. Duración: 30 minutos

- Concerto musical: domingo 21 de maio ás 13:00 h (duración: 20m)

Interpretaremos o Cuarteto americano de Dvorak, a obra dun compositor Checo que viaxa aos EUA e descubre un novo mundo, ideas que máis tarde recollería na súa famosa sinfonía. Unha obra que fala da fascinación, o descubrimento, o progreso e, sobre todo, da mirada do futuro alleo en clave local para servir de motor de cambio.

Intérpretes:

Patricia Túdez Gómez: Violín

Iria Pérez Gregorio: Violín

Lucía Molina Alvar: Viola

Pedro Fernández Martínez: Cello

Programa:

Cuarteto Americano

Entrada libre ata completar capacidade

FUNDACIÓN LISTE

1.- HORARIO DE APERTURA

10:00 h -14:00 h

2.- PROGRAMACIÓN ESPECIAL: XORNADA DE PORTAS ABERTAS

11:30 h.

- Visita guiada especial: *“Dicir o indicible nos Museos”*.

Cun fío condutor que destaca, a través de determinados obxectos da exposición, aquelas historias máis controvertidas, atendendo ao lema do DIM.

12:30 h.

- Convivios coa Comunidade: *“Vencellos co pasado”*

Exhibición comentada, na finca circundante ao Museo, dunha escolma de pezas que representan ou simbolizan o presente e o pasado, permitindo unha ponte de comprensión en-
trambos.

MARCO

1.- HORARIO DE APERTURA:

SÁBADO: 11:00 h - 14:30 h e de 17:00 h - 21:00 h

DOMINGO: 11:00 h – 14:30 h

2.- PROGRAMACIÓN DE ACTIVIDADES

Tech & Robotics Meeting

Sábado 20 de maio, de 11:00 a 14:00 h. Showroom e obradoiros específicos

Organiza: CAMP Tecnológico /Tecnología educativa <https://camptecnologico.com/>

Laboratorio das Artes (1º andar). Todas as actividades son gratuítas. Para público de idades entre 7 e 16 anos.

Obradoiros infantís para público familiar

Sábado 20 (de 18:00 a 20:00 h) e domingo 21 de maio (de 12:00 a 14:00 h)

Lugar: Laboratorio das Artes (1º andar). Para nenos/as a partir de 3 anos, sós ou acompañados de adultos

Concerto didáctico

Sesión de creación improvisada. Domingo 21 de maio, 12:30 h

Organiza: SPIL Seminario Permanente de Improvisación Libre

Lugar: salón de actos. Para público de todas as idades

Sesión de achegamento á poesía

Sábado 20 de maio, de 12:00 a 13:30 h. [Festival PoemaRia]

Organiza: Festival PoemaRia. Diálogos Internacionais de Poesía

Lugar: #SalónDoMARCO (vestíbulo principal). Para público de todas as idades

O MARCO por dentro

Visitas guiadas ás exposicións.

Sábado 20, ás 13:00 e ás 19:00 h, e domingo 21, ás 13:00 h, de maio

Para público en xeral

‘Documentando o MARCO’

Sábado 20 de maio, de 11.00 a 14.30 e de 17.00 a 21.00 h

MARCO, Biblioteca-Centro de documentación (1º andar). Para público en xeral

Visitas guiadas á Biblioteca-Centro de documentación

Sábado 20 de maio, de 12.30 a 13.15, e de 18.30 a 19.15 h

MARCO, Biblioteca-Centro de documentación (1º andar). Para público en xeral

Catálogos de ocasión

Sábado 20, de 11.00 a 14.30 h e de 17.00 a 21.00 h, e domingo 21, de 11.00 a 14.30 h, de maio

MARCO, vestíbulo principal. Para público en xeral